

A VILA DO MAÑÁ: BUEU

O obxectivo é incluír a infancia e a adolescencia nos procesos de construción do espazo común, dotándoos das ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade desde a arte e a arquitectura, coa fin de provocar o despertar dunha nova mirada dos espazos nos que habitan. Búscase estimular unha actitude crítica para que comencen o seu crecemento como unha cidadanía activa, pois eles e elas serán os responsables da cidade do futuro. Como afirma David Harvey, é necesaria a apropiación dos espazos públicos urbanos por parte da cidadanía mediante unha acción política para convertelos en espazos comúns.

Partimos da vila como ferramenta educadora, non neutra, e sobre a que a cidadanía ten dereito a gozar dela, a transformala e a que reflicta a súa maneira de entender a vida en comunidade. Consideramos o espazo público como un espazo común de aprendizaxe e construción colectiva dos que normalmente non teñen voz, os nenos e nenas e os adolescentes, impulsando o seu dereito a formarse un criterio propio acerca do hábitat no que viven e a poder expresalo.

Por iso, se propón a transformación temporal de varios espazos públicos de Bueu realizada por nenos e adolescentes, traballando a todas as escalas do común: arquitectura, patrimonio, urbanismo e paisaxe.

Con isto preténdese un maior coñecemento da vila na que habitan; unha apropiación de espazos que lles son vetados a diario; o movemento con liberdade nas prazas; empoderamiento espacial xunto con outros nenos e nenas favorecendo a súa convivencia; valoración do lugar a través dunha nova mirada; facelos responsables do entorno; e demostrarlles a súa capacidade transformadora.

Todos estes aspectos preséntanse desde o xogo o gozo como ferramentas fundamentais nestas idades, a vila entendida como un taboleiro de xogo, tal como propoñía o arquitecto e urbanista Aldo van Eyck:

“A oportunidade de que o neno descubra o seu propio movemento forma parte da cidade en si; a cidade tamén é un espazo de xogo. O cativo utiliza todos os elementos da cidade, todos os obxectos construídos, todas as superficies polas que pode agatuñar ou gabear. As crianzas saben xogar moi ben con estas cousas, malia non teren permiso para facelo”.

Bueu convertido nun campo de xogos no que cativos e adolescentes poidan actuar desde un novo punto de vista. O paseo e a observación determinarán a actividade e o movemento, ao mesmo tempo que os seus sentidos se activen. Promover o movemento é indispensable, xerar unha actividade constante, que poidan sentirse libres e independentes. Deste modo se facilitará o desenvolvemento motor, sensorial, intelectual e emocional que poida preparalos para unha cidadanía activa. Búscase xerar un ambiente que estimule a curiosidade, o coñecemento e independencia dos niños, intentando que se produzan intercambios de ideas entre eles.

A VILA DO MAÑÁ: BUEU

Ambiente físico

IA IMPORTANCIA DO LUGAR!

A CIUDAD É O ÁMBITO NO QUE UN NENO PODE DESCUBRIR O QUE QUERE FACER O RESTO DA SÚA VIDA



O SENTIDO DO AQUÍ, do meu corpo e preguntarnos a diferenza de todos os lugares que me rodea, consciente dun mesmo, en paralelo co lugar.

XOGAR COA CAPA MÁIS DISTANTE DO MEU CORPO = O HORIZONTE, sendo este o límite de percepción do meu corpo o infinito, decatarnos de que o lugar é infinito que é o noso planeta, que é noso e así, coidalo como nos coidamos a nós mesmos.

Chegar ao horizonte, e divisar ao fondo un CAMIÑO, UN SENTIDO DO ESPAZO onde residimos.

Percorrido en estancias perceptivas entre o máis próximo e o máis afastado.
FONDURA, o meu corpo aquí e o meu corpo alá no horizonte.

HORIZONTE COMPARTIDO E ASÍ ENTENDER O HÁBITAT do territorio, da vila ou dunha paisaxe.

É A ARQUITECTURA, COMO ELEMENTO ONDE AS IDEAS E AS COUSAS DAN SENTIDO AO HORIZONTE.

O QUE PENSO CONSTITÚESE Á VEZ QUE CONSTRUÍMOS AS COUSAS.

CONCEPTOS traballados nos obradoiros:

1_ A percepción de Bueu e do hábitat no que viven. A súa valoración crítica de espazos, lugares, situacións urbanas, etc.

2_ O plano horizontal como elemento configurador da vila: tipos, cores, texturas, etc. O espazo do pavimento como lenzo sobre o que actuar e imaxinar que vila queren os nenos e nenas.

A VILA DO MAÑÁ: BUEU

3_ Os reflexos da vila, da paisaxe, do horizonte, do ceo, etc.

4_ Elemento bidimensional que logra activar un espazo urbano, transformándoo fisicamente e modificando como o viven as persoas.

5_ Elemento tridimensional

6_ A proporción humana na cidade

6_ Patrimonio

7_ Arquitectura contemporánea

8_ Proposta propia para a vila na que habitan.

A VILA DO MAÑÁ: BUEU

FERRAMENTAS

Combínanse ferramentas de diferentes disciplinas pois se busca que os nenos manexen coñecementos de arquitectura, arte, paisaxe, cidade, sustentabilidade.

ESCALA E PROPORCIÓN

Introduciremos o concepto da escala humana e a escala de cidade

Xogaremos desde ver un simple banco ata aumentar a escala, beirarrúa, edificio, rueiro, praza, barrio, vila

ESPACIOS Y MATERIALES

Luz, textura, cor

VILA

O espírito do lugar, do sitio e así como as nosas casas e fogares conéctanse á nosa vida, á maneira de movernos, como encontrar as cosas nas cidades

SUSTENTABILIDADE

A consecuencia da paisaxe, dentro da vila.

A NAI natureza como única maneira de sobrevivir

vilas verdes e eficientes

PAISAXE

Paisaxe vivido, paisaxe construída

A VILA DO MAÑÁ: BUEU

PRECEDENTES:

Estas accións foron desenvolvidas anteriormente en Rianxo (A Coruña) entre o 26 e o 29 de decembro de 2016 baixo o título “A vila do Mañá” Obradoiro de Urbanismo e Patrimonio para a Infancia e a Mocidade, grazas ao patrocinio do Concello de Rianxo e Apatrigal (Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego), do 3 ao 7 de xullo de 2017 o obradoiro realizouse en Bertamiráns (A Coruña) coa colaboración do Concello de Ames e Apatrigal, do 10 ao 14 de xullo de 2017 en Verín (Ourense) grazas á colaboración do Concello de Verín e Apatrigal, do 31 de xullo ao 4 de agosto de 2017 o noso taboleiro de xogo foi A Pobra do Caramiñal (Coruña) grazas á colaboración do Concello de A Pobra y Apatrigal, do 7 ao 1 de agosto de 2017 o obradoiro realizouse en Milladoiro coa colaboración do Concello de Ames e Apatrigal, e o pasado ano os obradoiros pecháronse en Riveira do 8 de agosto ao 1 de setembro de 2017.

A VILA DO MAÑÁ: BUEU

A VILA DO MAÑÁ: BUEU


¿Como vamos a acadar os obxectivos propostos?

Para iso crearase un caderno de actividades, relacionado coo seu entorno coñecido, neste caso Bueu.

Propóñense dous tipos de actividades:


- IN: para nenos de idades comprendidas entre os 5 e os 7 anos que se realizarán nun espazo interior, pero que interactuarán coas actividades OUT.

- OUT: realizadas nos espazos públicos da vila, que teñen como obxectivo facer noso ese espazo, convertelo no noso espazo de xogo e aprendizaxe, estas actividades propóñense para as idades entre 7 e 12 anos.



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 1, IN, propónse que a través de debuxos, nos transmitan ¿como é Bueu?, ¿cal é a visión da súa vila?, ¿como é o espazo urbano no que habitan?... ¿coñéceno?... ¿enténdeno?...




A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 1, IN:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 1, OUT: sairemos á rúa cun gran marco, e trataremos de que nos conten ¿cales son aqueles elementos imprescindibles de Bueu?, ¿que cousa, que lugares, que espazos... teñen valor para eles?



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 1, OUT:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 1, OUT:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 2, IN, O PLANO, o solo como elemento de proxectos. Texturas, sensacións. Distintos materiais... distintas sensacións... experiencias diferentes.




A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 2, IN:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 2, OUT: O PLANO, o chan como elemento de proxectos. Texturas, sensacións. Proporemos apropiarnos do espazo mediante "palabras", ¿como queremos o Bueu do futuro?...



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 2, OUT:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 2, OUT:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 3, IN+OUT, xogaremos cun elemento plano: o papel de espello. ¿que seremos capaces de xerar?... novas percepcións.

LA CIUDAD DEL MAÑANA




PØST
arquitectos

PØST
arquitectos

A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 3, IN:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 3, IN:

A VILA DO MAÑÁ: BUEU



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 3, OUT: traballaremos con cintas de balizamento... trataremos de invadir espazos urbanos... e convertelos nos nosos lugares de xogo. Apropriarnos de la vila, entender que Bueu é noso.



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 3, OUT:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 3, OUT:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 3, IN:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 4, IN: traballaremos con elementos tridimensionais... caixas ou globos...
¿que elementos se crearán????... ¿de que espazos nos apropiaremos???



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 4, IN:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 4, IN:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 4, OUT:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 4, OUT:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 4, OUT:




A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 4, OUT:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 5, IN+OUT: Relación entre a escala humana e a escala de vila... para volvernol preguntarl ¿como é Bueu???... ¿como nos gustaría que fose???



PØST
arquitectos

PØST
arquitectos

A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 5, IN:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

DÍA 5, OUT:



A VILA DO MAÑÁ: BUEU

Sandra González Álvarez + PØST arquitectos

Datos de contacto:

Sandra González Álvarez
c/ Federico Tapia 49 local 9
15005 A Coruña

teléfono: 647123569

email:

sandra_gonzalez_alvarez@hotmail.com
sandra_gonzalez_alvarez@coag.es

<https://www.laciudaddelmanana.com>

<https://www.facebook.com/laciudaddelmanana/>